

**Estudos
Papers**

Cuestións de variación fraseolóxica diatópica entre Cuba e Canarias¹

Questions of diatopic phraseological variation between Cuba and the Canary Islands

Luis Alberto Alfaro Echevarría
Universidad Central «Marta Abreu» de Las Villas
<https://orcid.org/0000-0003-1359-4517>
luisae@uclv.edu.cu

Resumo: O obxectivo fundamental deste traballo é ofrecer algunhas reflexións con respecto á variación diatópica estrutural e semántica nas coincidencias fraseolóxicas actuais entre Cuba e Canarias. O tema inscribese nunha liña investigadora centrada no campo da presenza lingüística canaria na cultura oral cubana, que se leva desenvolvendo con éxito na rexión central de Cuba desde hai máis de 20 anos e que se insire actualmente no campo de investigación do Grupo de Estudos da Fraseoloxía de Cuba (GEFRASCU), fundado no país en época recente. O artigo presta atención á importancia da variación diatópica nas relacións fraseolóxicas entre ambas as rexións da comunidade hispanofalante. Para iso emprégase información fraseolóxica e fraseográfica de ambas as rexións hispanofalantes; e, a partir do método contrastivo, sistematízanse e exemplifícanse diversos tipos de variación diatópica e variación semántica, e achéganse consideracións interesantes sobre a posibilidade de sistematización da variación diatópica e a importancia das coincidencias lingüísticas por canto demostran a continuidade histórica e cultural entre dúas identidades culturais compartidas.

Palabras chave: Cuba, Canarias, coincidencias fraseolóxicas, variación diatópica.

Abstract: The main objective of the paper is to offer some reflections about the structural and semantic diatopic variation in the current phraseological coincidences between the spoken languages of Cuba and the Canary Islands. The subject is part of a research line, focused on the field of Canarian linguistic presence in Cuban oral culture. This line of investigation has been successfully examined for more than 20 years in the central region of Cuba and has recently been covered by the Cuban Group of Phraseological Studies (GEFRASCU) headed by the author. The article draws attention to the importance of diatopic variation in the phraseological relationships between both regions of

¹ Data de recepción: 06.10.2020. Data de aceptación: 23.12.2020.
Tradución do texto orixinal realizada por Alba Giráldez Otero.

the Spanish-speaking community. To do this, it uses phraseological information from both Spanish-speaking regions. Making use of the contrastive method it systematizes and exemplifies diverse types of diatopic and semantic variations. It arrives at interesting considerations about the possibility of systematizing diatopic variation; it also highlights the importance of linguistic coincidences as they demonstrate the historical and cultural continuity between two shared cultural identities.

Keywords: Cuba, Canary Islands, phraseological coincidences, diatopic variation.

1. A variación diatópica nas coincidencias fraseolóxicas entre Cuba e Canarias. Fundamentos teóricos e metodolóxicos para o seu estudo

Entre os diversos problemas da fraseoloxía actual aínda quedan algúns de carácter terminolóxico, ás veces innecesarios, como suxire Montoro del Arco (2005). É o caso dos que se observan entre *variación* e *variante*, ou entre *variantes por extensión*, *modificacións léxicas cuantitativas*, *abreviaturas fraseolóxicas* etc.

Zuluaga (1980: 106-110) estableceu a distinción entre *variante* e *variación*. E considerou esta última, que tamén denominou *pseudovariante* ou *variante no sentido amplo*, un fenómeno máis global que a primeira e inclúe as transformacións que posúen significados coincidentes pero que teñen elementos ou estruturas diferenciadas, como sucede coas variacións diatópicas, diastráticas e diafásicas. O resto son variantes dunha mesma invariante, é dicir, a mesma UF con formulacións diferentes e, en resumo, a condición necesaria para que ambas formas se considerasen variantes dunha mesma unidade fraseolóxica era que non houbera cambios de significado.

Porén, despois del non se especifican claramente os límites ou, noutras palabras, cando estamos diante dunha variante ou dunha variación os criterios son diversos, se comparamos os diferentes autores consultados; entre eles, Tristán (1985), Carneado (1985), Corpas (1996), García Page (2003, 2008), Leal (2015), Mellado, Olza e Berty (2018), Pamies (2008, 2017), Penadés (2014), Mogorrón (2014, 2015), Koike (2001), Tabares e Sinner (2016). Isto fixo posible que o campo da variación fraseolóxica se enriquecese teoricamente e metodoloxicamente nos últimos anos.

Por outra banda, parece convincente a definición de variantes fraseolóxicas que propón Koike: «unidades fraseolóxicas que, manteniendo el mismo significado, son parcialmente idénticas en su estructura y en sus componentes» (2001: 77). Para Koike, que distingue entre variación morfolóxica, sintáctica e léxica, e que dedicou os seus estudos á variación diatópica da fraseoloxía española dentro do proxecto Varilex, existe unha distinción entre variantes e sinónimos fraseolóxicos: *hacer la pelota*, *hacer la rosca*, *hacer la barba* e *hacer la pata* serían variantes, pero *chupar las medias* non é variante de *hacer la pelota*, senón unha locución sinónima.

Na nosa tese de doutoramento *Estudio fraseolóxico del discurso oral de inmigrantes canarios y sus descendientes en la región central de Cuba* (Alfaro, 2000) e ante a Dra. Antonia María Tristán, que actuaba como unha das opoñentes no tribunal, defendín a idea de que era moi difícil no campo da variación fraseolóxica diatópica distinguir con

precisión entre sinónimos e variantes, e que era aconsellable considerar o concepto de variación ou variante nun sentido amplo tamén para a sinonimia, especialmente pola súa baixa frecuencia no campo fraseolóxico e pola inexistencia de series sinonímicas amplas. Ademais, pódese engadir que, malia existiren unidades con diferente forma e diferentes dimensións xeográficas ou históricas, estas presentan os mesmos significados e imaxes de partida en situacións concretas semellantes.

Dadas as diferenzas ou similitudes de criterios con respecto aos conceptos de variante e variación, estimouse conveniente neste artigo incluílas todas (variantes ou variacións, incluso as que se consideran sinónimas) no campo da variación diatópica, para evitar así problemas de carácter terminolóxico. E non falta razón para iso, xa que autores como Penadés (2012) suxiren que a sinonimia, en termos da variación, pode considerarse desde un sentido amplo: os sinónimos sempre son variantes ou, nun sentido restritivo, os sinónimos son variantes unicamente en alternancia libre.

No desenvolvemento da fraseoloxía rexional ou diatópica existen dous tipos predominantes de investigacións: as que centran os seus estudos nun país ou rexión e as que se ocupan do contacto entre linguas, do bilingüismo e da interferencia. A nosa investigación, malia ter un carácter diatópico e variacional, distínguese por dúas cuestións principais desde o punto de vista teórico-metodolóxico: sitúase no campo das coincidencias fraseolóxicas non entre dúas linguas diferentes, senón entre dúas variantes nacionais dunha mesma lingua ou diasistema e, por outra banda, non só se ocupa das semellanzas senón tamén das transformacións estruturais e semánticas das UFS coincidentes. E todo isto co obxectivo de establecer relacións de identidade lingüística e sociocultural entre dúas comunidades de hispanofalantes que, aínda que distantes xeograficamente, se atopan intimamente ligadas na súa historia e na súa cultura. O eixe principal que vertebra tanto de xeito teórico como metodolóxico as investigacións realizadas é **oralidade** ___ **fraseoloxía** ___ **variación**.

Ao contrastar a fraseoloxía cubana de uso actual coa fala popular canaria (Alfaro, 2013, 2016), pódense demostrar as profundas relacións históricas, sociais, culturais, económicas e lingüísticas entre ambas as rexións do mundo hispanofalante, así como a importancia do elemento etnolingüístico canario na formación da tradición popular oral cubana. Atopamos estruturas fraseolóxicas idénticas e tamén variacións de distinto grao ou lixeiras modificacións, a través das cales se manifestan a creatividade e o dinamismo do saber fraseolóxico tanto en Cuba como en Canarias.

Pola súa banda, a riqueza semántica do conxunto de unidades fraseolóxicas revela unha similitude de crenzas, de formas de convivencia, de modos de existencia e de apreensión da realidade, que permiten establecer aspectos comúns dunha identidade cultural igualmente compartida. Isto verificouse na bibliografía lexicográfica e paremiolóxica correspondente.

Neste sentido, os autores canarios Corrales e Corbella (2010) afirman o seguinte:

En algunas es imposible averiguar el sentido que tomó la interferencia como en ir escapando o la papita suave; en otras claro que el sentido fue el del archipiélago al Nuevo Mundo (Hay muchos Marcos Pérez en Buenavista), pero en otras ocasiones

el camino fue de allá para acá (como sucede con la curiosa locución adverbial ni el médico chino, empleada con el significado de 'nadie': el origen de esta expresión está en la fama que adquirió un herbolario chino que llegó a La Habana en 1858 y que supo conjugar la medicina oriental con la occidental con suma maestría) (Corrales e Corbella, 2010: 27).

Os datos recolléronse na rexión central de Cuba, especialmente nas provincias de Villa Clara, Sancti Spiritus, Cienfuegos e Ciego de Ávila, mediante enquisas de tipo semasiolóxico e onomasiolóxico realizadas tanto a persoas con vínculos sanguíneos con inmigrantes canarios como a persoas sen ningún vínculo con aqueles. O corpus está composto por 653 UFS que se puideron clasificar, segundo a análise fraseolóxica realizada ás súas características estruturais, semánticas e funcionais, en locucións, paremias e fórmulas rutineiras (Corpas, 1996). Todas elas empréganse actualmente en Cuba e tamén en Canarias. Para a confirmación disto último, consultáronse obras da fraseografía canaria e tamén foi necesario levar a cabo encontros con persoas e familiares naturais daquelas illas. De especial importancia foron as relacións co fraseólogo Gonzalo Ortega da Universidad de La Laguna. Para unha mellor precisión dos seus significados, estudáronse os diferentes contextos situacionais e comunicativos nos que se empregaban estas UFS no noso país e en Canarias.

Foron moi útiles para a elaboración das enquisas, para a recollida da información e para a comparación o *Diccionario de expresiones y refranes del español de Canarias* (DEREC, 2000), a *Antología de dichos y refranes de Canarias comentados* (ADR, 2007), o *Diccionario de la lengua española* da Real Academia Española (DLE, 2014) e o *Diccionario automatizado de fraseología cubana* (DICFRAS, 1995). Tamén se consideraron os resultados das enquisas realizadas por Sara Jácome (1998) e Marbelis Calzadilla (2003), así como as investigacións efectuadas por Yurisleidis Sarmiento (2004 e 2009), todas elas asesoradas polo autor deste artigo. Todas as UFS do corpus publicáronse no *Diccionario de expresiones y refranes al uso en Cuba y en Canarias* (Alfaro, 2013, 2016) cos seus respectivos comentarios fraseográficos.

As coincidencias no vocabulario evidencian relacións de identidade moi profundas entre Canarias e Cuba. Non só as estruturas ou esquemas fraseolóxicos estables e idénticos, senón tamén as súas variacións están relacionadas co aspecto creativo dos descendentes de insulares, xa cubanos, portadores dun legado asimilado e adaptado á nosa forma de expresarnos e de reflectir o contexto no que vivimos (Alfaro, 2000). A análise contrastiva comprobou que 316 UFS (48,39 %) sufriron variacións de varios tipos. Mesmo pode darse o caso de que varias delas teñan variacións diatópicas internas, ben sexa dentro de Cuba ou dentro de Canarias, á par que externas; é dicir, entre unha e outra comunidade hispanofalante.

Na metodoloxía para o estudo da variación fraseolóxica seguiuuse a Montoro (2005), aínda que tamén se consultou o traballo contrastivo realizado por Roxana Taquechel Rodríguez (2000-2003) sobre a variación léxica entre Cuba e España en tres esferas semánticas (o corpo humano; a cidade, o comercio; os transportes e as viaxes), ademais do artigo de Sarmiento e Alfaro (2011) publicado en *Paremia* sobre as coincidencias fraseolóxicas entre Cuba e Canarias, enfocado só cara ao ámbito das paremias.

2. Variación estrutural diatópica entre Cuba e Canarias

A variación diatópica de usos fraseolóxicos coincidentes é moi difícil de sistematizar mediante esquemas estruturais ou modelos de variación, xa que estes non só deberían considerarse no plano da forma, senón tamén no do contido.

Tal e como afirma Taquechel (2000-2003: 165), as oposicións poden producirse de forma interna, é dicir, dentro dunha mesma variante da lingua, ou de forma externa entre as dúas variantes da lingua comparadas. Non obstante, tamén hai que considerar, segundo ela, que a variación non só corresponde a variacións de forma, senón tamén a variacións dos valores denotativos ou connotativos. Isto, por suposto, fai que a comparación de usos sexa moito máis complexa, pero ao mesmo tempo máis rica.

Ante a interrogante de se existe ou non a posibilidade dunha sistematización no corpus de variacións fraseolóxicas, a resposta pode ser afirmativa; pero sempre que se realice unha análise rigorosa e xeneralizadora que non implique só a caracterización por niveis estruturais, senón tamén a presentación dos esquemas de variación.

Nun traballo anterior (Alfaro, 2020) afirmase que tales esquemas poden ir desde unha variación cero (coincidencia total de dúas unidades de forma e contido, A = A nas variantes rexionais consideradas), como sucede coas UFS: *Vete a freír tusas* ‘empregada como despedida brusca’, *¡Y fuera catarro!* ‘para indicar que se solucionou un problema ou dificultade, ou que se culminou un asunto’, *Con la misma* ‘locución usada cando se realiza unha acción de xeito rápido’, *A caballo regalado no se le mira el colmillo* ‘o que non custa nada pódese admitir sen ningún reparo ou inconveniente, incluso cando teña algún defecto ou tacha’, *Con la vara que mides serás medido* ‘dependendo de como se comporte un cos demais, así se comportarán con un moitos outros’.

Porén, aínda así, habería que distinguir, a partir da frecuencia de uso entre cubanos e canarios, algúns casos particulares como, por exemplo:

1. Unha UF pode ter maior frecuencia de uso nunha rexión que noutra na que se perdeu esa vitalidade. Isto demóstrase no seguinte exemplo: *Dar del cuerpo* ‘defecar’, voz popular actualmente en declive en Canarias e que se localizou con maior preferencia nas áreas rurais de Cuba.

2. Unha UF pode empregarse ou coñecerse máis entre inmigrantes canarios residentes en Cuba que entre os seus descendentes cubanos: *El que quiera lapas que se moje el culo* ‘quen queira sacar proveito ten que sacrificarse’, *Más vale magua que pena* ‘convén ser precavido para evitar males maiores’.

3. Unha UF pode ter maior alcance en Cuba que en Canarias, onde se pode localizar o seu emprego nunha dirección que vai desde unha extensión xeográfica ampla, como sucede con *La cáscara guarda el palo* ‘utilizada como xustificación dun aseo escaso’ e con *En casa del carajo* ‘locución empregada para referirse a un lugar remoto e perdido’, ata unha extensión territorial mínima, como é o caso de *Echar una carta* ‘de xeito eufemístico, defecar’.

4. Unha UF pode ter unha extensión menos ampla, pero coincidente en varias illas, como en *Caerle arriba a alguen* ‘abordar a alguén con insistencia, perseguindo algún fin’ (Gran Canaria, Tenerife, La Palma), *Estar con la bamba afuera* ‘amosar enfado’ (Gran Canaria, La Gomera) e *Cambiar el disco* ‘frase coa que se censura a impertinencia ou a reiteración de alguén nun tema’ (Gran Canaria, Tenerife).

5. Unha UF pode ter unha restrición territorial extrema, como en *El que se hace el bobo hasta los perros lo mean* ‘refrán que amosa a conveniencia de ter algo de picardía para conducirse na vida (La Palma), *Ir la carreta delante de los bueyes* ‘cando nunha conxuntura económica os gastos son maiores cós ingresos’ (Tenerife) e *Para candela brava no hay caparacho duro* ‘por moi forte que sexa unha persoa, os problemas graves sempre terminan afectándolle’. Nesta última a palabra subliñada é metátese de *carapacho*.

6. Unha UF pode ter en Canarias un uso territorialmente limitado, como *A caballo regalado no se le mira el colmillo*, empregada en La Palma, e unha forma máis xeneralizada onde se substitúe a palabra *caballo* por *camello*.

Non obstante, e máis alá da diversidade fraseolóxica existente, pódese afirmar que a formulación de esquemas de variación estrutural, onde se poidan regularizar e ilustrar con exemplos as variacións, si é posible metodoloxicamente. Isto implica que esta é unha das posibles vías para analizar a regularidade da variación. A continuación, preséntanse os seguintes esquemas modelados polo autor e onde as letras maiúsculas encerradas entre parénteses fan referencia á forma ou á estrutura da UF empregada nesa rexión (para a información do uso fraseolóxico en Canarias, aténdese fundamentalmente a Ortega e González, 2000 e a Hernández Salazar, 2007):

I.

Rexión Central de Cuba (A)	Illas Canarias (B)
<i>Caballo grande ande o no ande</i> ‘Enunciado que pondera as cousas grandes, que se consideran mellores polo seu tamaño’	<i>Burro grande ande o no ande</i>
<i>Caerle encima a alguien</i> ‘Perseguir cun determinado motivo a alguén que se afasta dun’	<i>Caerle atrás a alguien</i>

II.

Rexión Central de Cuba (A/B)	Illas Canarias (A)
<i>Ya que estamos en el burro, jarre burro! / Ya que estamos en el burro hay que darle palos</i> ‘Denota que unha persoa está disposta a levar ata o final unha cousa que xa comezara’	<i>Ya que estamos en el burro, jarre burro!</i>
<i>¡Vete a freír tusas! / Mandar a freír buñuelos!</i> ‘Frase empregada para despedir a alguén de xeito brusco, con aspereza, sen contemplacións, ou para referirse á propia acción’	<i>¡Vete a freír tusas!</i>

III.

Rexión central de Cuba (A/B)	Illas Canarias (C)
<i>Arder como Cafunga / Morir como Cafunga</i> 'Arder con facilidade algunha cousa, producindo grandes laparadas // Tamén para expresar as malas consecuencias que lle ocasionará un problema a alguén'	<i>Arder como Cafús</i> (só se emprega co primeiro significado)
<i>¡Ojos que te vieron ir, jamás te verán volver!</i> / <i>¡Ojos que te vieron ir, paloma torcaza!</i> 'Fórmula que expresa o medo de non recuperar algo // Tamén se lle di á persoa que non regresará nunca ao lugar de onde marchou // Expresión irónica que se di tras producirse unha visita inoportuna'	<i>¡Ojos que te vieron ir!</i>

IV.

Rexión central de Cuba (A/B/C)	Illas Canarias (C)
<i>Cada hombre es un mundo / Cada persona es un mundo / Cada hombre es un mundo y cada cabeza un pueblo</i> 'Refrán que indica a diversidade que existe entre persoas, xa que posúen distintos modos de actuar e de pensar'	<i>Cada hombre es un mundo y cada cabeza un pueblo</i>
<i>Cambiar el agua a los pajaritos / Cambiar el agua a los pececitos / Cambiar el agua al pájaro</i> 'ourriñar'	<i>Cambiar el agua al pájaro</i>

V.

Rexión Central de Cuba (A)	Illas Canarias (B/C)
<i>Mal de muchos, consuelo de pocos</i> 'Refrán que nega que sexa máis levadía a desgraza cando afecta a un gran número de persoas'	<i>Mal de muchos, consuelo de brutos / Mal de muchos, consuelo de tontos</i>
<i>Marineros somos y en el mar andamos</i> 'Fórmula empregada para advertirlle a unha persoa, por ter afectado a outra, que esta fará todo o posible por vingarse dela'	<i>Marineros somos y en el mar andamos, si no nos perdemos a tierra llegamos / Arrieros somos y en el camino nos encontramos</i>

Existe unha gran diversidade de esquemas de variación interna, como sucede por exemplo con estas variacións dobres ou triplas na mesma variante lingüística de Cuba e de Canarias.

Rexión Central de Cuba	Illas Canarias
<i>El que se hace el bobo, se lo comen / El que se hace de miel se lo comen las hormigas</i> 'Refrán que explica que quen non actúa con picardía sempre sae mal parado'	<i>A quien se hace el bobo, se lo comen / El que se hace el bobo se lo comen las moscas / El que se hace el bobo se lo comen los bichos</i>

<p><i>No dejes camino por coger la vereda / Dejar camino por coger la vereda / Dejar camino por vereda</i> ‘Refrán que aconsella non deixar unha vía segura, para resolver ou obter algo, por outra que o é menos’</p>	<p><i>No dejes camino por atajo, que pierdes el trabajo / No dejes camino por el atajo, aunque te cueste doble trabajo / Nunca dejes camino por el atajo aunque te sirva de trabajo / Aunque te cueste más trabajo no dejes el camino por el atajo</i></p>
--	--

3. Tipos de variación estrutural diatópica

As variacións estruturais son numerosas e de diversa tipoloxía; por esta razón só se mostra un grupo limitado de exemplos en cada nivel lingüístico. Entre os tipos de variación estrutural diatópica de maior aparición atopamos as seguintes (aclaramos que a primeira UF que aparece na mención corresponde a Cuba e que, ás veces, podemos atopar variacións de diferentes tipos nunha mesma UF). Nos seguintes exemplos aclaramos o seu significado cando o consideramos necesario:

Variación fónica:

Olerle el culo a alguien _____ Golerle el culo a alguien ‘Adular ou estar sempre detrás de alguén co obxectivo de buscar un beneficio’.

Para gusto se hicieron los colores y para escoger las flores _____ Para gusto se pintan colores y para descoger las flores ‘Ensina que cada un pode ter de xeito lícito os seus gustos e escoller o que desexe sen distinguir os bos dos malos’.

Para garapacho duro no hay candela brava _____ Para candela brava, no hay caparacho duro ‘Por moi forte que sexa unha persoa, os problemas graves terminan afectándolle’.

En casa del carajo _____ En casa del carijo ‘Locución empregada para referirse a un lugar remoto e perdido’ (debemos facer a observación de que en Cuba tamén se escoita, aínda que con menos frecuencia, empregando a palabra *carijo* e en Canarias tamén con *carajo*).

Variación morfolóxica:

Darse un saltico _____ Darse un salto ‘Ir ou acudir rapidamente a un lugar próximo’.

En boca cerrada no entran moscas _____ A boquita cerrada ‘Expón a conveniencia de facer as cousas sen comentarios // Especie de rogo de que non se saiba o que se di, o que se fai ou o que se conta’.

Cambiar el agua a los pajaritos _____ Cambiar el agua al pájaro ‘Ouriñar’.

Meter una cañona _____ Meter una cañita ‘Adiantarse a outra persoa nunha cola, coarse // Actuar de xeito violento, impoñéndose pola forza ou mediante coacción, ben sexa ao coarse nunha cola ou ao relacionarse con outras persoas’.

Parecer alguien un perro faldero _____ *Parecer alguien un perro faldeador*
'Atusmar, fisgar // En Cuba aplicase tamén aos homes que sempre lles están facendo as beiras ás mulleres'.

Matao y salao _____ *Matando y salando* 'Fórmula empregada para dar a entender que algo se realizou ou se realizará de xeito inmediato e sen contemplacións'.

Variación sintáctica: estas, como as de tipo léxico que ofreceremos máis adiante, son moi numerosas e poden darse en calquera compoñente da súa configuración sintáctica sen alterar por iso o seu significado fraseolóxico básico. Porén, tentaremos, apoiados de forma teórica e metodolóxica por Montoro del Arco (2005), ofrecer algunha das regularidades neste tipo de variación diatópica.

Entre elas son recorrentes as ampliacións sintácticas, a partir das cales se pode engadir unha oración complexa nunha das dúas variantes lingüísticas territoriais. Lembramos que a primeira UF citada é a empregada en Cuba:

Juzga el ladrón por su condición _____ *Piensa el ladrón que todos son de su condición.*

Lo que no mata engorda _____ *Lo que no mata engorda y sobra la vieja gorda.*

Estar sonao _____ *Estar más sonao que unas maracas*
'Estar ebrio'.

Hasta mañana si Dios quiere _____ *Hasta mañana si Dios quiere y la burra no se muere.*

Cada hombre es un mundo _____ *Cada hombre es un mundo y cada cabeza un pueblo.*

Dar más tumbos _____ *Dar más tumbos que un higo pasado* 'Ir dun lugar a outro sen rumbo fixo'.

No romper un plato y romper la vajilla _____ *No romper plato ni escudilla* 'Ser astuto sen parecelo'.

Entre más gallinas en un gallinero, más mierda y menos huevos _____ *Entre más gallinas menos huevos* 'Emprégase cando hai un grupo de persoas e non avanzan nunha tarefa'.

Estar a la que se cae _____ *Estar a la caída* 'Estar ao tanto de todo o que ocorre'.

Pode suceder que, incluso mantendo a complexidade sintáctica, o número dos compoñentes oracionais diminúa:

De tanto escoger te quedaste con la mierda _____ *De tanto escoger fuiste a caer en la olla de la mierda.*

De igual modo, existen cambios no relativo empregado:

El que se queja es porque le duele _____ Cada uno se queja donde le duele.

El que nace para martillo del cielo le caen los clavos _____ Cuando uno nace para martillo del cielo le caen los clavos ‘Expresa o difícil que é contrarrestar a mala sorte’.

Atópanse cambios por adición ou omisión de conxuncións e preposicións:

Parece que no moja, pero empapa _____ Parece que no moja y empapa ‘Aplicado ás persoas que actúan de xeito distinto a como aparentar ser’.

Bueno es lo bueno, pero no lo demasiado _____ Bueno es lo bueno y mucho lo demasiado.

Clavar (a alguien) hasta los ojos _____ Clavarle los ojos (a alguien) ‘Empregada cando se lle cobra a unha persoa máis por un obxecto ou por un favor recibido’.

Echase la tierra encima _____ Echase la tierra por encima.

Después de Dios, los santos _____ Primero Dios y después los santos ‘Indica que as cousas importantes deben ter prioridade’.

Variacións léxicas: son as de maior coaparición no discurso oral, polo que expoñemos exemplos limitados numericamente. Estas variacións poder ser por:

a) Substitución de lexemas:

A cada santo le llega su hora _____ A cada santo le llega su día ‘A todos lles chega o seu momento para ben ou para mal’.

La cosa va a arder _____ La cosa va a heder ‘Empregado cando unha situación se complica e traerá malas consecuencias’.

Irsele (a alguien) la carga para la cabeza _____ Írsele (a alguien) la cola para el rabo ‘Enfadarse alguén con moita facilidade ou por pouca cousa’.

Estar blanco como un papel _____ Estar descolorido como un papel ‘Estar excesivamente pálido’.

Estar alguien afilado como un cuchillo _____ Estar algo afilado como agujas ‘Estar unha cousa moi cortante // Dise para referirse a unha persoa que sempre ten lista unha resposta’.

Mirar a alguien con cara de yo no fui _____ Mirar a alguien con cara de cinco duros ‘Mirar de xeiro inocente o que está a suceder’.

Dentro deste tipo de variación son moi representativas e numerosas aquelas substitucións léxicas debidas a cambios de normas obxectivas condicionadas pola realidade na que

habitan os falantes das dúas rexións hispanofalantes ou a diferenzas de hábitos lingüísticos. Así, por exemplo, temos, entre moitas máis, as seguintes:

A falta de pan, casabe _____ *A falta de pan buenas son tortas.*

Ser algo el fin del mundo _____ *Ser algo la fin del mundo* ‘Frase que se di cando algo chega ao límite da gravidade // Usada tamén para referirse a un lugar moi afastado’.

Estar más negro que un totí _____ *Estar más negro que un cuervo.*

Hacer un frío que chifla el mono _____ *Hacer un frío que chifla el machango.*

Estar alguien como si le hubieran dado una mano de palo _____ *Estar alguien como si le hubieran dado una jalada de palo* ‘Estar extremadamente canso’.

Cada cual hace de su culo un tambor _____ *Cada cual hace de su culo un pandero* ‘Cada persoa fai o que desexa cos seus asuntos, aínda que a súa decisión non se considere sensata’.

Cada puerco en su corral _____ *Cada puerco en su chiquero* ‘Cada un debe ocuparse na súa casa dos seus asuntos’.

El buey solo bien se lame _____ *El buey solo bien se lambia* ‘Refrán que celebra a liberdade e a independencia de cada un’.

Amarrarle los pantalones (a alguien) _____ *Amarrarle los calzones (a alguien).*

Oler a mierda de gato _____ *Heder a mierda de gato* ‘Apestar algunha cousa ou persoa’.

Comer como un saco sin fondo _____ *Comer como un saco enfondado* ‘Comer en exceso’.

b) Extensión por adición de lexemas:

Apúntalo en el hielo _____ *Apúntalo en un bloque de hielo* ‘Para indicar as poucas posibilidades que hai de que se salde unha débeda’.

La yagua que está pa uno no hay vaca que se la coma ni isleño que la recoja _____ *La yagua que está pa uno no hay vaca que se la coma* ‘Indica o carácter inexorable do destino’.

¡Lo que faltaba para completar! _____ *Lo que faltaba para acabar de completar un ramo* ‘Alude a un problema ou un acontecemento adverso que sobrevén de xeito inesperado e que se suma a outros anteriores // Tamén alude a unha persoa non desexada que chega a unha reunión ou grupo’.

Estar en las últimas _____ *Estar en la última encabalgadura* ‘Estar alguén moi delgado por unha enfermidade ou por problemas persoais // Estar a piques de morrer’.

c) Os casos de omisión de lexemas da variante lingüística cubana á canaria son menos frecuentes:

No todo en la vida son flores _____ *No todo son flores* ‘Non todo o que acontece é bo nin todo sae como un espera ou desexa’.

Dar un pie espeso _____ *Dar pie* ‘Camiñar moito’.

4. A variación semántica diatópica

A sistematización da variación semántica de carácter diatópico é complexa e, moitas veces, está ligada a unha variación estrutural. Non obstante, é posible ofrecer certa regularización nos casos en que esa variación estrutural non afecta totalmente, senón parcialmente, ao significado fraseolóxico da UF.

A continuación, ofrécese unha tipoloxía de variacións semánticas frecuentes:

1) Ampliación en Cuba do significado: en Canarias a expresión *De tanto escoger te quedaste con la mierda* emprégase só para referirse á mala elección dunha parella; en Cuba, ademais de significar isto, pode empregarse para a mala elección noutro tipo de situación. A UF *Lo que por amor se da por amor se queda* aplicase en Canarias a unha relación amorosa, mentres que en Cuba indica que ‘cando se ten unha boa relación cunha persoa, aínda que esta remate, non se poden esquecer facilmente as ensinanzas recibidas’. *Enredar la pita* significa en Canarias ‘trabar accidentalmente unha conversación ou prolongala máis da conta’; en Cuba pódese empregar ademais para referirse á complicación dun asunto.

2) Outras veces o cambio xeográfico, social o histórico provoca transformacións nos contidos semánticos das unidades fraseolóxicas, entre as que podemos destacar a restrición do abano de significacións: *Ponerse de pie* significa en Canarias ‘poñerse de pé e pasear despois de estar sentado // Poñerse a traballar, comezar unha tarefa’; en Cuba restrínxe o significado a ‘cando unha persoa estivo sentada moito tempo e se pon de pé para desentumecerse’. A UF *Fundírsele la bombilla a alguien* en Canarias ‘dise cando se esgota o envase da bebida que se está tomando // Dicir disparates con pouco xuízo’, mentres que en Cuba ‘emprégase cando unha persoa está medio tola’.

3) Algunhas paremias sepáranse completamente da imaxe que orixinou a súa creación. É necesario destacar que non sempre coinciden os referentes das diferentes comunidades, xa que cada unha posúe a súa maneira peculiar de ver a vida e, polo tanto, de nomear as cousas: *En lo mismo que lo compré lo vendo/vendí* en Canarias ‘emprégase para resaltar a pouca estima que se lle ten a unha cousa ou a unha persoa’, mentres que en Cuba ‘emprégase cando un negocio non deu moitas ganancias’; *La luz que va delante es la que alumbra* en Canarias indica a conveniencia de ser dilixente, mentres que en Cuba sinala que se debe aproveitar sempre a primeira oportunidade que se nos presente. Isto mesmo sucede nas dúas locucións seguintes:

Arder como Cafús en Canarias expresa ‘arder con facilidade producindo grandes laparadas’. En Cuba refírese ás ‘malas consecuencias que lle ocasionará un problema a alguén’.

Coger carga alguien en Canarias é ‘recibir unha derrota, un chasco, unha gran contrariedade’ e, referido ao ámbito do pastoreo, ‘tapar o macho á femia’ (A Gomera). En Cuba significa ‘embriagarse, emborracharse’.

4) Puidéronse rexistrar casos de sinonimia, aínda que pouco numerosos. Trátase de fraseoloxismos onde o significado é o mesmo, pero existe un cambio total da súa estruturación:

Desvestir un santo para vestir a otro (Cuba)___ *Tapar a uno para destapar a otro* (Can.). Indica que algo se desatende, deixándoo a medias, por outra cousa de menos importancia.

No doblar el lomo (Cuba)_____ *No gustarle a alguien doblar el espinazo* (Can.). Indica que unha persoa é pouco dada a traballar.

Sabérselas todas (Cuba)_____ *Saber más que veinte* (Can.). Frase que gaba a persoa intelixente, viva e que o coñece todo // Dise da persoa que é rexoubeira.

Marineros somos y en el mar andamos (Cuba) __ *Arrieros somos y en el camino nos encontraremos* (Can.). Emprégase para advertirlle a unha persoa, por ter afectado a outra, que esta fará todo o posible por vingarse dela.

5) En ocasións, a composición da estrutura é idéntica nas dúas variantes lingüísticas comparadas, pero o significado é totalmente diferente. Este tipo de variación semántica é das máis abundantes no corpus analizado. E aquí hai seguramente unha cuestión interesante da variación, porque como as denominamos?; talvez poderíamos falar de homónimos fraseolóxicos:

Cuidado, que te quemas. En Cuba emprégase para previr a alguén. En Canarias é unha frase que se lle dirixe a un xogador en certos xogos de naipes, como o envite, no momento en que este se dispón a dar as cartas cando non lle corresponde facelo.

Entregar el alma al diablo. Indica que unha persoa é moi mala. En Canarias significa ‘morrer’.

Estar más pelado que un comino. Refírese a unha persoa que non posúe diñeiro. En Canarias significa ‘estar completamente calvo’.

Tener un animal muerto. Dise cando un lugar ou unha persoa desprende un cheiro desagradable. Rexistrada en Canarias co significado de ‘haber ou ter carne como prato de comida nunha casa normalmente, por celebrarse ou conmemorarse algo’.

Mientras el palo va y viene. Indica que algo que se espera se vai atrasar. En Canarias coñécese coa forma *Mientras el palo va y viene el lomo descansa* ‘frase

que se dirixe a unha persoa, normalmente un neno, que insiste en acudir a un sitio por pura diversión’.

No hay de qué. Emprégase para amosar que non é unha molestia facerlle un favor a alguén. En Canarias ten o significado de ‘non hai forma, non hai maneira de convencer a alguén’.

No mea por no ver el suelo mojado. Indica que alguén é extremadamente orgulloso. En Canarias recóllese co significado de ‘ser moi agarrado’.

Parecer una gallina chueca. Refírese ás persoas que están intranquilas. En Canarias refírese a quen se queixa con frecuencia e, en xeral, por pouca cousa.

Por gusto. Emprégase cando se fai de forma consciente unha cousa que non se debía realizar. En Canarias significa ‘por casualidade’.

Quedarse a medio palo. Deixar a medias algo que se está facendo. Emprégase en Canarias cando alguén queda a medio comer.

Tener las barbas en remojo. Emprégase para dicir que alguén está a piques de ser castigado. En Canarias emprégase para aludir á muller que vai contraer matrimonio pronto.

6) Sucede nalgúns ocasións que a substitución dun lexema do fraseoloxismo pode supoñer un cambio radical deste e interpretarse como outro diferente:

Ser/Parecer un perro sato (Cuba) ___ *Ser /Parecer un perro puto* (Can.). En Cuba aplícase á persoa que pasa a maior parte do tempo namorando. En Canarias significa ‘quedar completamente só e desamparado’.

Todo lo que se come engorda ___ *Todo lo que se come se cría.* En Cuba pondera que todo alimento é bo. En Canarias é unha frase que se usa preferentemente en ton burlesco, cando alguén come algo de considerable tamaño que, polas súas semellanzas con algunha parte do corpo, provoca este dito.

5. Consideracións finais

As coincidencias fraseolóxicas entre Cuba e Canarias deben valorarse tanto na conservación de estruturas e significados como no conxunto das múltiples variacións que estes adoitan ter.

Aínda que as variacións estruturais e semánticas dentro dun corpus numeroso de UFS sexan moi diversas e complexas, estas poden someterse a unha análise xeneralizadora e sistémica que leve a pensar na modelaxe de esquemas regulares. Estes esquemas realízanse de maneira sostida no discurso oral dos falantes e, por unha banda, non contradín o criterio de fixación como trazo característico esencial das UFS, mentres que, por outra banda, demostran que a creatividade, o dinamismo, as variacións e as recuperacións de formas canónicas ou non son trazos do proceso de fraseoloxización.

A sistematización estrutural, aínda que é complexa, non o é máis que a sistematización da variación semántica das UFS, un campo no que poucas persoas se aventuran pola súa propia complexidade, aínda que merece unha atención especial por esa mesma razón. Tanto a variación estrutural como a semántica confirman a capacidade destas unidades para permanecer no tempo e no espazo, reordenándose continuamente no discurso oral, enriquecéndose no uso e nas transformacións dos contextos rexionais ou nacionais onde se empregan.

As relacións de continuidade e a comunidade de usos entre Cuba e Canarias non son máis que expresións obxectivas dunha identidade lingüística en gran parte compartida por dous pobos irmandados na súa historia e no seu sangue. Por este motivo, é importante protexer, conservar e coñecer este conxunto de voces cuxa importancia antropolóxica e cultural é ignorada moitas veces.

Por outra banda, sería interesante ampliar estes estudos con vistas a establecer relacións fraseolóxicas entre Canarias, Cuba e outros países americanos como Venezuela ou Puerto Rico, onde a inmigración canaria xogou un papel moi importante no seu devir histórico.

6. Bibliografía

- ALFARO, Luis (2000): *Estudio fraseológico del discurso oral de inmigrantes canarios y sus descendientes en la región central de Cuba* (tese de doutoramento). Universidad Central «Marta Abreu» de Las Villas, Santa Clara.
- (2002): “Coincidencias léxicas, fraseológicas y paremiológicas entre el español de Cuba y el de Canarias”, en *Islas*, 44 (133), 122-127.
- (2004): “Aproximación a un legado lingüístico y cultural de la presencia canaria en Cuba”, en VERA, Ana (coord.): *La oralidad: ¿Ciencia o sabiduría popular?* La Habana: Centro de Investigación y Desarrollo de la Cultura Cubana “Juan Marinello”.
- (2013-2016): *Diccionario de expresiones y refranes al uso en Cuba y en Canarias*. Santa Clara: Editorial Capiro.
- (2020): *Reflexiones sobre la variación diatópica en las coincidencias fraseológicas entre Cuba y Canarias* (inédito). Universidad Central «Marta Abreu» de Las Villas.
- CALZADILLA, Marbelis (2003): *Análisis fraseológico del discurso oral campesino en zonas de Yaguajay* (traballo de diploma). Universidad Central “Marta Abreu” de las Villas.
- CARNEADO, Zoila (1985): *La fraseología en los diccionarios cubanos*. La Habana: Ciencias Sociales.
- CORPAS, Gloria (1996): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.
- CORPAS, Gloria e MENA, Flor (2003): “Aproximación a la variación fraseológica de las lenguas alemana, inglesa y española”, en *ELUA (Estudios de Lingüística de la Universidad de Alicante)*, 17, 181-201.
- CORRALES, Cristóbal e CORBELLA, Dolores (1994): *Diccionario de las coincidencias léxicas entre el español de Canarias y el español de América*. Las Palmas de Gran Canaria: Litografía Romero S.A., Cabildo de Tenerife.

- (2010): *Tesoro léxico-canario americano*. Las Palmas de Gran Canaria: Cabildo de Gran Canaria.
- GARCÍA-PAGE, Mario (1996): “Sobre las variantes fraseológicas en español”, en *Revista Canadiense de Estudios Hispánicos*, XX (3), 477-489.
- (1998): “Variantes morfológicas y unidades fraseológicas”, en *Paremia*, 8, 225-230.
- (2003): “Las unidades fraseológicas del español: su distribución geográfica y variantes diatópicas”, en *EPOS*, XIX, 47-65.
- (2008): *Introducción a la fraseología. Estudio de las locuciones*. Barcelona: Anthropos Editorial.
- HERNANDEZ SALAZAR, Alberto (2007): *Antología de dichos y refranes de Canarias comentados*. Tenerife: Centro de la Cultura Popular Canaria.
- JÁCOME, Sara (1998): *Fraseología en la tradición oral canaria* (trabajo de diploma). Universidad Central “Marta Abreu” de Las Villas.
- KOIKE, Kazumi (2001): “Variación fraseológica del español”, en *Varilex*, 9. Disponible en <http://lecture.ecc.u-tokyo.ac.jp/~cueda/varilex/art/vx9-a3.pdf> [Data de consulta: 10/01/2013].
- LEAL RIOL, María de Jesús (2015): *Variación diatópica de la fraseología española*. Minnesota: Hamline University (Saint Paul).
- MELLADO, Carmen; OLZA, Inés e BERTY, Katrin (2018): *Fraseología y variedades diatópicas*. Pamplona: EUNSA, Ediciones Universidad de Navarra.
- MOGORRÓN HUERTA, Pedro (2014): “Importancia (numérica) de las variantes diatópicas españolas y su tratamiento en los diccionarios”, en *Yearbook of Phraseology*, 5, 123-144.
- (2015): “Comprensión, competencia fraseológica y creatividad de las expresiones fijas con sus variantes diatópicas, ejemplos en francés y en español”, en MOGORRÓN HUERTA, Pedro e NAVARRO, Fernando (eds.): *Fraseología Didáctica y Traducción*. Frankfurt: Peter Lang, 137-160.
- MONTORO, Esteban (2005): “Hacia una sistematización de la variabilidad fraseológica”, en PASTOR MILLÁN, Miguel (ed.): *Estudios lingüísticos en recuerdo de Juan Martínez Marín*. Granada: Universidad de Granada, 129-152.
- (2015): “Descubrir el agua tibia o inventar la pólvora. Variación diatópica de la fraseología española”, en *Paremia*, 24, 177-189.
- ORTEGA, Gonzalo e GONZÁLEZ, Isabel (2000): *Diccionario de expresiones y refranes del español de Canarias*. Las Palmas de Gran Canaria: Ediciones del Cabildo de Gran Canaria.
- PAMIES, Antonio (2008): “Productividad fraseológica y competencia metafórica (inter) cultural”, en *Paremia*, 17, 41-58.
- (2017): “Fraseología y variación diatópica en español”, en *Verba Hispánica*, 25, 55-79.
- PENADÉS, Inmaculada (2012): *Gramática y semántica de las locuciones*. Alcalá de Henares: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Alcalá.
- (2014): “Fixación estrutural e desautomatización das locucións”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 16, 273-301.

- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2014): *Diccionario de la Lengua Española*. Bogotá: Espasa Libros - Editorial Planeta Colombiana.
- RUIZ GURRILLO, Leonor (1997): “Relevancia y fraseología: la desautomatización en la conversación coloquial”, en *Español actual. Revista del español vivo*, 21-30.
- (2001): *Las locuciones en español actual*. Madrid: Arcos Libros.
- RUIZ MIYARES, Leonel (2010): *DICFRAS. Diccionario automatizado de fraseología cubana*. Santiago de Cuba: Centro de Lingüística Aplicada.
- SARMIENTO, Yurisleidy (2004): *Análisis fraseológico contrastivo del discurso oral de inmigrantes canarios y descendientes en Santa Clara* (traballo académico). Universidad Central “Marta Abreu” de Las Villas.
- (2009): *Edición de un glosario digital de correspondencias fraseológicas entre Cuba y Canarias* (tese de mestrado). Universidad Central “Marta Abreu” de Las Villas.
- SARMIENTO, Yurileydys e ALFARO, Luis (2011): “Coincidencias fraseológicas entre Cuba y Canarias”, en *Paremia*, 20, 211-219.
- TABARES PLASENCIA, Encarnación e SINNER, Carsten (2016): “El problema de las variantes fraseológicas desde el punto de vista de la lingüística de variedades”, en *RLA. Revista de Lingüística teórica y aplicada*, vol. 54 (2). Disponible en <https://scielo.conncicyt.cl/scielo.php?script=sciarttex&pid=S0718-48832016000200002> [Data de consulta: 18/02/2021].
- TAQUECHEL RODRIGUEZ, Roxana (2000-2003): “El problema de la variación léxica entre el español de España y el español de Cuba. Análisis de tres esferas semánticas”, en *Anuario L/L. Estudios Lingüísticos*, 31-34, 162-169.
- TRISTA, Antonia Maria (1985): “Fundamentos para un diccionario cubano de fraseologismos”, en *Anuario L/L*, 16, 249-255.
- ZULUAGA, Alberto (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. Tubingen: Max Huever, Verlag.

